



ANTEPROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE REGULA O DEPORTE DE ALTO NIVEL DE GALICIA

I

O deporte é un instrumento de transformación e mellora individual e social que contribúe ao desenvolvemento e coñecemento dos pobos. Este fenómeno deportivo ten na práctica do alto nivel un dos piares do sistema, polo que supón de referente e estímulo para o deporte de base e a xeneralización da actividade física, e polo que implica tamén para os elementos identitarios das comunidades e os sentimentos de pertenza e participación, de integración e de acollida. O alto nivel é, en definitiva, un dos ámbitos mais destacados para o desenvolvemento deportivo de calquera sociedade.

Pero acadar este nivel deportivo require de tempo e de esforzo. Tempo, polo que implica de investimento diario dedicado á preparación deportiva, e tamén polo longo período vital que se require para chegar ás citas deportivas mais esixentes e competitivas; esforzo, polo que supón de rigorosos calendarios de adestramentos, viaxes ou concentracións, e que van unidos a importantes sacrificios nos ámbitos familiar, formativo, laboral ou social.

É durante todo este longo e intenso proceso evolutivo, e poñendo por suposto as miras na retirada deportiva, cando os poderes públicos deben facilitar aos deportistas medidas que permitan compatibilizar a súa preparación e práctica competitiva co desenvolvemento do resto dos seus planos vitais. Medidas que sexan acordadas coas necesidades propias de cada idade, e tamén coas distintas etapas do progreso deportivo: dende os inicios da dedicación ata á retirada, pasando polo cénit da carreira competitiva.

Finalmente, débese considerar que non é menor o valor engadido a aportar á comunidade por quen se dedica ou se ten dedicado a esta esixente práctica do deporte de alto nivel. A sociedade no seu conxunto debe poder recoller o talento, os valores e as capacidades dos que, grazas á dedicación deportiva, adquiriron competencias como o traballo en equipo, a responsabilidade, a valoración positiva dos retos, a adaptabilidade ou o compromiso, e que os referencian como perfiles únicos para as organizacións e as súas propias comunidades.

II

O Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado por Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, no seu artigo 27.22, recolle a competencia da Comunidade Autónoma galega en materia da promoción do deporte en réxime de exclusividade.

Ao abeiro desta competencia, apróbase a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia cuxo obxecto é “promover e coordinar o deporte na Comunidade Autónoma de Galicia, así como ordenar o seu réxime xurídico e a súa organización institucional, de acordo



coas competencias que o Estatuto de autonomía e o resto do ordenamento xurídico lle atribúen á Comunidade Autónoma de Galicia”.

As primeiras referencias legais ao alto nivel deportivo, atópanse xa entre as competencias que a norma reserva á Administración autonómica; así, o artigo 5, letras m) e q), establece entre aquelas a de “regular e fomentar o deporte e os deportistas de alto nivel de Galicia e as categorías de deportistas, así como os requisitos para ser incluídos nestas e os seus beneficios”, así como a de “establecer e, de ser o caso, recoñecer os centros de alto nivel deportivo da Comunidade Autónoma”. No tocante aos deportistas o artigo 34 reflicte que “Terán a consideración de deportistas galegos de alto nivel, ou doutras categorías que se poidan establecer, aqueles deportistas que reúnan os requisitos establecidos regulamentariamente e sexan recoñecidos como tales pola Administración autonómica en función dos seus resultados, proxección, nivel deportivo, expectativas de progreso e interese para o deporte galego”. Este mesmo artigo sigue establecendo que “A Administración autonómica establecerá as formas de apoio para estes deportistas galegos, así como a súa inserción social e profesional durante a súa carreira deportiva e ao final desta”. Igualmente, o artigo 35 inclúe a posibilidade de ampliar o recoñecemento de alto nivel aos adestradores/as-técnicos e os xuíces-árbitros.

No artigo 36 reflíctense os beneficios que pode levar dito recoñecemento, e contempla a posibilidade de “establecer regulamentariamente a condición vitalicia de Deportista galego de alto nivel para aqueles que se caracterizasen especialmente por elevar o nivel do deporte galego ou a representación deportiva de Galicia”.

En desenvolvemento da normativa sobre o alto nivel contemplada na derogada Lei 11/1997, xeral do deporte de Galicia, a Administración autonómica aprobou o Decreto 6/2004, do 8 de xaneiro, polo que se regula a cualificación dos Deportistas galegos de alto nivel e os programas de beneficios dirixidos a estes, e a Orde de 30 de maio de 2005 pola que se establecen os requisitos deportivos para o acceso á condición de deportista galego de alto nivel. Despois da experiencia adquirida nestes anos, faise necesario aprobar unha norma regulación que responda mais axeitadamente ás novas realidade e necesidades do sector e axentes deportivos, e que permita ademais asentar unhas bases mais sólidas para o desenvolvemento do alto nivel deportivo de Galicia.

III

Este decreto estrutúrase en cinco capítulos, cun total de 48 artigos, tres disposicións adicionais, tres disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e cuatro disposicións derradeiras.

Logo dun primeiro artigo dedicado ao obxecto do decreto, e no que se distingue entre o alto nivel, o alto rendemento e o rendemento deportivo de base, o capítulo I dedica as súas disposicións ás dúas primeiras categorías.

Estruturado en catro seccións, este primeiro capítulo regula os destinatarios, os requisitos e o procedemento para a obtención das condicións, a súa vixencia e perda, e os be-



neficios e obrigas derivadas do recoñecemento. O decreto introduce aquí numerosas novidades respecto do sistema anterior: a apertura da condición de alto nivel aos técnicos/as-adestradores –que tamén poderán obter a de alto rendemento- e aos xuíces e árbitros, a posibilidade de que os interesados soliciten o recoñecemento en calquera momento do ano, a eventual condición vitalicia do alto nivel ou, entre outras, unha mais efectiva relación dos dereitos e obrigas asociadas ás condicións de alto nivel e alto rendemento deportivo.

O capítulo II dedica os seus tres artigos aos deportistas de rendemento deportivo de base, e que conforman o substrato e a base para os estadios superiores do alto rendemento e o alto nivel deportivo. Seguidamente, o capítulo III desenvolve outra importante novidade respecto do decreto do 2004: os centros de alto nivel e os núcleos de adestramento deportivo especializados, e que responden á necesidade de abarcar a protexer outras posibles realidades da preparación da alta dedicación deportiva existente na Comunidade Autónoma.

O capítulo IV dedícase á tamén novidosa Oficina de Atención ao Deportista. A súa creación responde á necesidade de ofrecer un espazo de referencia onde atender e asesorar aos deportistas sobre os recursos e servizos e que se lle poñen a súa disposición. Preténdese así establecer unha canle directa para que os deportistas poidan acceder ao coñecemento dos seus dereitos e obrigas, e á utilización dos servizos públicos que están á súa disposición.

Finalmente, o capítulo V aborda a Comisión Galega de Avaliación do Alto Nivel deportivo, órgano colexiado adscrito ao órgano superior da Administración autonómica con competencias na materia deportiva, que asumirá as funcións recollidas no texto.

O decreto dá paso entón a tres disposicións adicionais, que aluden respectivamente á Oficina de Atención ao Deportista, ao Centro Galego de Tecnificación Deportiva e, por último, á posibilidade de subscribir convenios de reciprocidade neste ámbito con outras Comunidades Autónomas.

As disposicións transitorias do decreto abordan a vixencia dos criterios técnicos deportivos aprobados en desenvolvemento do decreto do 2004, así como a situación dos deportistas xa recoñecidos por esta norma e dos procedementos iniciados con ela.

A disposición derogatoria contempla a perda de vixencia das normas que resultan afectadas por esta norma (coa particularidade contemplada na disposición transitoria primeira) e as catro disposicións derradeiras regulan a modificación do artigo 9.3.i) do Decreto 254/2012 do 13 de decembro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, a modificación do artigo 12.2 do Decreto 120/2013, do 24 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Comité Galego de Xustiza Deportiva, a habilitación normativa e a entrada en vigor da norma.



Na súa virtude, por proposta da persoa titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de acordo/oído co/o ditame do Consello Consultivo de Galicia e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do ...,

DISPOÑO

Artigo 1. Obxecto e definicións

1. O presente decreto ten por obxecto regular o deporte de alto nivel de Galicia. Consonte a Lei 3/2012 do 2 de abril, enténdese por alto nivel a práctica deportiva de interese para a Comunidade Autónoma polo estímulo que supón para o fomento do deporte base e pola súa función representativa nas competicións deportivas oficiais do máximo nivel, nacional e internacional, e dirixida á obtención dos máximos resultados.
2. Xunto ao alto nivel regúlase tamén o alto rendemento deportivo, considerado como a expresión da práctica deportiva que aínda non pode ser cualificada como de alto nivel, pero cuxa proxección indica que estará en condicións de facelo. Salvo que o propio decreto estableza outra cousa, aplicarase ao alto rendemento deportivo as previsións recollidas para o alto nivel.
3. Finalmente, o decreto regula o rendemento deportivo de base, considerado como a etapa de desenvolvemento e perfeccionamento previa a acadar o alto rendemento ou o alto nivel deportivo. Ao rendemento deportivo de base aplicaranse ás previsións recollidas no capítulo II da presente norma.

CAPÍTULO I. DAS CONDICIÓNS DE ALTO NIVEL E DE ALTO RENDEMENTO DEPORTIVO

Artigo 2. Destinatarios

1. A condición de alto nivel poderá ser recoñecida, consonte ao procedemento e requisitos establecidos no presente capítulo, a deportistas, técnicos-adestradores e xuíces-árbitros.
2. Só poderán obter a condición de alto rendemento os/as deportistas e os/as técnicos-adestradores que cumpran o procedemento e requirimentos establecidos na presente norma.

Sección 1ª. Dos requisitos e procedemento

Artigo 3. Requisitos

1. Para a obtención das condicións de alto nivel e alto rendemento, os solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos:
 - a) Ter nado en Galicia ou ter a veciñanza administrativa nun municipio de Galicia ininterrompidamente desde, a lo menos, un ano antes ó da data na que conseguiu o mérito deportivo que fundamenta a súa solicitude.



Excepcionalmente, non se esixirá a antigüidade na veciñanza administrativa a aquelas persoas que acrediten ter residido durante a súa etapa de formación deportiva en Galicia durante dous anos consecutivos ou tres alternos, entendéndose por etapa de formación deportiva o período comprendido entre os 8 e os 17 anos, ambos incluídos.

- b) Ter 16 anos cumpridos no momento de presentar a solicitude. Este requisito poderá excepcionarse pola Comisión Galega de Avaliación do Alto Nivel deportivo atendendo á modalidade e especiais características da práctica deportiva do solicitante.
- c) Estar en posesión de licenza deportiva vixente expedida por unha federación deportiva galega. Excepcionalmente e por causa xustificada, a Comisión Galega de Avaliación do Alto Nivel deportivo poderá aceptar, de forma motivada, que a licenza deportiva presentada para o recoñecemento estea expedida por unha federación deportiva española ou doutra Comunidade Autónoma.
- d) Non estar cumprindo no momento da solicitude de recoñecemento:
 - a. Sanción disciplinaria deportiva firme de carácter grave ou moi grave.
 - b. Sanción administrativa firme en materia deportiva de carácter grave ou moi grave.
 - c. Sanción administrativa firme por dopaxe.
- e) Ter domicilio fiscal en España.
- f) Non estar cumprindo condena en virtude de sentenza xudicial firme pola comisión dun delito ou non ter sido condenado en virtude de sentenza xudicial firme pola comisión dun delito relacionado co ámbito deportivo ou coa violencia de xénero.
- g) No caso dos/as adestradores/as-técnicos deberán estar en posesión do título de Grado en Ciencias da actividade física e o deporte ou equivalente ou técnico deportivo superior ou equivalente. A Comisión Galega de Avaliación do Alto Nivel deportivo poderá excepcionar motivadamente este requisito.

2. Ademais dos requisitos anteriores, os solicitantes deberán acreditar os criterios técnico-deportivos que sexan aprobados, aos efectos do presente decreto, polo órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte, e cuxa resolución será obxecto de publicación no diario oficial de Galicia.

Artigo 4. Inicio do procedemento

1.O procedemento iniciarase por solicitude do interesado dirixida ao órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte, segundo o modelo normalizado que a estes efectos se aprobe polo mesmo e, preferentemente, mediante a súa presentación na sede electrónica da Xunta de Galicia.

2. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.



Artigo 5. Prazo de presentación da solicitude

A solicitude poderase presentar dende a obtención do mérito deportivo que a fundamenta. A data de presentación determinará a vixencia da condición de alto nivel ou de alto rendemento deportivo nos termos establecidos no artigo 9.

Artigo 6. Documentación

1. A solicitude deberá acompañarse da seguinte documentación:

- a) Autorización á administración de acceso telemático aos datos do documento acreditativo da identidade da persoa solicitante. En caso de non outorgar esta autorización expresa, a persoa solicitante deberá achegar fotocopia compulsada do documento acreditativo da identidade.
- b) Copia da licenza federativa deportiva vixente.
- c) Certificado de empadramento, se procede.
- d) Certificado expedido pola administración tributaria relativo á residencia fiscal.
- e) Certificado expedido pola correspondente federación sobre os criterios técnico-deportivos, segundo os modelos normalizados que a estes efectos sexan aprobados polo órgano superior da Administración autonómica con competencias no ámbito deportivo.
- f) Nos casos de resultados de equipo, deberá achegarse certificado federativo da pertenza da persoa solicitante ao equipo.
- g) Copia do Boletín Oficial do Estado conforme está recoñecido como deportista de alto nivel ou de alto rendemento pola Administración xeral do Estado, ou recoñecemento que o substitúa, de ser o caso.
- h) No caso dos adestradores ou técnicos, copia dos títulos referidos na letra g) do artigo 3.1.
- i) Certificado de antecedentes penais

Non obstante esta relación, a documentación mínima para a tramitación da solicitude será a recollida nos puntos nas letras b), e) e f). A falta de presentación da documentación mínima suporá a resolución de inadmisión da solicitude.

2. A presentación da solicitude, leva implícito que queda informado e presta o seu consentimento expreso e inequívoco sobre os seguintes extremos:

- a) Os datos persoais recadados no procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia - Secretaría Xeral para o Deporte coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión do procedemento e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de Procedementos e Servizos e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia no devandito formulario. Os datos serán comunicados



ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia. A fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

b) Á publicación dos seus datos relativos a identidade, nivel de deporte, modalidade /especialidade deportiva, data de inicio e remate do recoñecemento na páxina web do órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte, no caso de que obtiveran o recoñecemento.

c) Á utilización dos seus datos relativos a identidade, nivel de deporte, modalidade /especialidade deportiva, data de inicio e remate do recoñecemento, nos actos de divulgación dos colectivos do deporte de alto nivel, no caso de que obtiveran o recoñecemento.

d) Á petición doutros datos, de carácter deportivo, á federación deportiva correspondente por parte do órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte.

Artigo 7. Instrución.

1. A documentación presentada examínase pola unidade da Administración deportiva autonómica con funcións na elaboración, deseño e execución dos plans e programas deportivos, aos únicos efectos de comprobar a súa debida cumprimentación. Se a solicitude non estivera debidamente cumprimentada, requírase á persoa interesada para que nun prazo de dez días emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, facendo indicación expresa de que, no caso de non achegar a documentación requirida, teráselle como desistido da súa petición.

2. Cumpridos estes trámites, toda a documentación será remitida á Comisión Galega de Avaliación do Alto Nivel para a valoración das solicitudes. A Comisión publicará na sede electrónica da Administración autonómica competente na materia deportiva unha resolución provisional aos efectos de que as persoas interesadas formulen alegacións no prazo de dez días.

3. Valoradas as alegacións presentadas, a Comisión Galega de Avaliación do Alto Nivel elevará a correspondente proposta definitiva de resolución.



Artigo 8. Resolución

1. O titular do órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte será o competente para resolver e notificar as solicitudes.
2. A resolución porá fin á vía administrativa e será notificada nun prazo máximo de seis meses a contar dende a presentación da solicitude polo interesado. Transcorrido o prazo anterior sen terse notificada a resolución, entenderase estimada a solicitude por silencio administrativo.
3. Periodicamente publicárase no Diario Oficial de Galicia a relación de persoas que teñen en vigor o recoñecemento, no que figurará os datos relativos a identidade, modalidade/especialidade deportiva, data de inicio e remate do recoñecemento.

Sección 2ª. Vixencia e perda das condicións

Artigo 9. Vixencia

1. As condicións de alto nivel e de alto rendemento terán unha vixencia de cinco anos dende a data de notificación da resolución onde se recoñece a condición. Se o interesado presentara a solicitude transcorridos seis meses dende a obtención do resultado deportivo que fundamenta a súa petición, a vixencia da condición computárase dende a data de obtención do resultado.
2. No caso dos deportistas que soliciten o recoñecemento en atención a outros parellos e obtidos en condicións equivalentes do Consejo Superior de Deportes, a vixencia do recoñecemento terá a duración máxima establecida nese recoñecemento, e en ningún caso poderá superar os cinco anos.
3. Non obstante o establecido nos parágrafos anteriores, a condición de deportista galego de alto nivel obtida pola consecución dunha medalla olímpica ou paralímpica será de carácter vitalicio.

Artigo 10. Prórroga

1. Poderase solicitar a prórroga da condición:
 - a) En caso de inactividade por lesión pola que se cause baixa na práctica deportiva durante máis de 3 meses. A duración da prórroga atenderá ao alcance da lesión, período de recuperación e volta á actividade deportiva, sen que poida exceder en ningún caso do período dun ano.
 - b) En caso de embarazo, estendéndose a prórroga durante o período do mesmo. No suposto de interrupción do embarazo, a duración da prórroga será de 6 meses a contar dende a data da interrupción.
 - c) No suposto de nacemento de fillo ou de adopción, a prórroga será de un ano, debéndose solicitar no mes posterior ao parto ou á adopción. As persoas deportistas cuxa parella den a luz poderán acollerse a esta prórroga.
2. A prórroga regulada neste artigo só poderá solicitarse estando en vigor a condición de alto nivel ou de alto rendemento.



3. O procedemento para a obtención da prorroga será o establecido para o recoñecemento inicial, agás a documentación a presentar, que consistirá na acreditación da causa de inactividade, embarazo, parto ou adopción.

Artigo 11. Renovación

1. Poderase presentar a solicitude de renovación en calquera momento tras a obtención dun novo mérito deportivo. O momento da presentación será considerado aos efectos do establecido no artigo 9.1.

2. Os requisitos, o procedemento e a instrución do mesmo será o establecido para o recoñecemento inicial.

3. No caso de non ser estimada a solicitude, a persoa interesada seguirá na mesma situación que tiña antes da solicitude.

Artigo 12. Supostos e causas de perda da condición

A perda da condición producirase nos seguintes supostos:

- a) Polo remate do período de tempo polo que foi recoñecido.
- b) Por deixar de cumprir algún dos requisitos que deron lugar ao recoñecemento. A estes únicos efectos, considerarase que non existe interrupción na vixencia de licenza no período comprendido entre temporadas competitivas.
- c) Por non cumprir coas obrigas establecidas no presente decreto.
- d) Por renuncia expresa da persoa interesada.
- e) Por ter sido sancionado por sanción disciplinaria deportiva firme de carácter grave ou moi grave.
- f) Por ter sido sancionado por sanción administrativa firme en materia deportiva de carácter grave ou moi grave.
- g) Por ter sido sancionado por dopaxe, de acordo coa normativa vixente nesta materia.
- h) Por estar cumprindo condena en virtude de sentenza xudicial firme pola comisión dun delito ou ter sido condenado en virtude de sentenza xudicial firme pola comisión dun delito relacionado co ámbito deportivo.

Artigo 13. Procedemento da perda

1. Salvo nos casos contemplados nas letras a) e d) do artigo anterior, a perda da condición irá precedida da tramitación do correspondente expediente administrativo, tramitado de forma contradictoria e con audiencia ao interesado por un prazo de 10 días. A tramitación será competencia da Comisión Galega de Avaliación do Alto Nivel deportivo, que elevará proposta de resolución.

2. O procedemento rematará por resolución motivada do titular do órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte, agás no suposto do artigo 12.a), no que non será preciso resolución ningunha, perdéndose a condición de forma automática polo remate do período de tempo polo que foi recoñecido.



3. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución será de seis meses contado dende o acordo de inicio do procedemento e transcorrido dito prazo sen que se notifique resolución expresa producirase a caducidade do procedemento, sen prexuízo da posibilidade de iniciar un novo procedemento se permanece a causa de perda da condición do recoñecemento.

Artigo 14. Suspensión da condición

1. Suspenderase a vixencia da condición se existe medida cautelar de inhabilitación temporal ditada nun procedemento sancionador en vía disciplinaria deportiva ou en materia deportiva por cometer una infracción de carácter grave o moi grave ou por dopaxe.

2. Recibida a notificación ou tendo coñecemento da adopción da medida cautelar, a persoa titular do órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte, acordará a suspensión do recoñecemento sen que caiba recurso contra a resolución que acorde a suspensión.

Artigo 15. Efectos da perda e da suspensión da condición

1. A perda e a suspensión da condición supón a privación dos beneficios derivados desta. No suposto de perda polo remate do período de tempo polo que foi recoñecido, os efectos prodúcense de maneira inmediata co cumprimento do prazo de vixencia do recoñecemento. Nos demais supostos, a perda produce efectos desde a data de notificación ou publicación no Diario Oficial de Galicia. Se a perda da condición ten a súa orixe nunha sanción ou nunha condena, non poderá solicitarse esta condición durante un período de dous anos, a contar desde que se tivera cumprido a sanción ou condena.

2. No caso de suspensión, os efectos prodúcense desde a data na que sexa notificada, e se manterá ata que dure a medida cautelar ou se resolva o procedemento sancionador.

Sección 3ª. Dos beneficios derivados da condición de alto nivel e de alto rendemento deportivo

Artigo 16. Consideracións xerais

1. As condicións de alto nivel e de alto rendemento deportivo comportan os beneficios contemplados nesta sección durante o período de vixencia da condición, agás que expresamente se estableza un período distinto.

2. Nos termos que se establezan por este decreto ou polas normas que o desenvolvan, os beneficios derivados do recoñecemento serán compatibles con outros outorgados pola Administración Xeral do Estado ou outras administracións públicas para a mesma finalidade.

Artigo 17. Orde de prelación

Nos supostos nos que existan límites para gozar dos beneficios, aplicárase a seguinte orde de prelación:



- 1º. Deportistas de alto nivel.
- 2º. Deportistas de alto rendemento.
- 3º. Adeptadores/as-técnicos de alto nivel
- 4º Xuíces-árbitros de alto nivel.
- 5º. Adeptadores-técnicos de alto rendemento.
- 6º. Deportistas de rendemento deportivo de base, no seu caso.

Subsección primeira. Beneficios no eido educativo

Artigo 18. Beneficios no eido do estudo universitario.

1. No proceso de admisión ao sistema universitario de Galicia, os deportistas e os adestradores/as-técnicos de alto nivel e de alto rendemento, e os xuíces-árbitros de alto nivel, gozarán dos seguintes beneficios:

a) Segundo o establecido no Real Decreto 971/2007, de 13 de xullo, sobre deportistas de alto nivel e alto rendemento, anualmente reservárase para quen acredite a súa condición de deportista de alto nivel e de alto rendemento e reúnan os requisitos académicos correspondentes, unha porcentaxe mínima do tres por cento das prazas ofertadas polos centros universitarios nos que se dean as circunstancias previstas no Real Decreto 1742/2003, do 19 de decembro, polo que se establece a normativa básica para o acceso aos estudos universitarios de carácter oficial, ou normativa que o substitúa. Asemade, os centros que impartan os estudos e ensinos en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, Fisioterapia e Mestre de Educación Física ou os ensinos de grao que as substitúan, reservarán unha cota adicional equivalente como mínimo ao cinco por cento das prazas ofertadas para os deportistas de alto nivel e alto rendemento, podendo incrementarse a devandita cota mediante acordo do Consello Superior de Deportes coas Universidades.

Adicionalmente a estas porcentaxes, aos deportistas, adestradores/as-técnicos de alto nivel e de alto rendemento, e aos xuíces-árbitros galegos de alto nivel reserváselles unha porcentaxe mínima dun dous por cento nas ensinanzas universitarias oficiais de grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte. As cotas de reserva ofertaranse nas diferentes convocatorias de preinscripción que se realicen ao longo do ano, sempre que non foran cubertas nas convocatorias anteriores. As prazas reservadas e non cubertas serán acumuladas ás prazas ofertadas de acceso xeral.

b) Estarán exentos da realización das probas específicas de acceso ao Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte.

2. Con fin de favorecer a conciliación da súa actividade deportiva coa actividade académica, e logo da sinatura do convenio de colaboración coa universidade correspondente, os deportistas e os adestradores/as-técnicos de alto nivel e de alto rendemento, e xuíces-árbitros de alto nivel poderán acollerse ás seguintes medidas durante o curso universitario:



- a) Elección do horario, quenda ou grupo máis idóneo para compatibilizar a asistencia a clase coa súa actividade deportiva.
 - b) Xustificación de faltas de asistencia das sesións lectivas, de carácter obrigatorio, por participación en competicións oficiais xustificadas e nas concentracións e adestramentos da selección española, mediante certificación da federación deportiva correspondente. A falta de asistencia así xustificada, non terá repercusión académica.
 - c) Flexibilidade do calendario de exames cando coincida con competicións oficiais e nas concentracións e adestramentos da selección española, xustificadas mediante certificación da federación deportiva correspondente.
3. As universidades, aos efectos do disposto no apartado 2 do presente artigo, terán que desenvolver as adaptacións curriculares necesarias.
4. As Universidades desenvolverán programas de atención e axuda para estes deportistas adestradores/as-técnicos e xuíces-árbitros para facilitar a realización dos seus estudos universitarios compatibilizándoos co adestramento e a práctica deportiva e conseguir a súa plena integración social, académica e profesional. Estes programas realizaranse de forma directa ou en colaboración con outras entidades, organismos ou institucións, nomeadamente coa Oficina de Atención ao Deportista.
5. As Universidades outorgarán por equivalencia a créditos optativos, un mínimo de 6 créditos por titulación, os/as deportistas e adestradores/as-técnicos de alto nivel e de alto rendemento e xuíces-árbitros de alto nivel que así o soliciten.
6. Nas residencias do sistema universitario galego reservarase un cupo de prazas non inferior ao 5% para os/as deportistas adestradores/as-técnicos e xuíces-árbitros recoñecidos como de alto nivel ou alto rendemento en función das necesidades e dispoñibilidades de cada ano. Neste caso, a renda da unidade familiar da persoa solicitante deberá ser igual ou inferior ao umbral 2 establecido anualmente polo ministerio competente en materia de educación para o acceso ao réxime de bolsas e axudas ao estudo personalizadas.
7. Poderase establecer polo órgano superior da Administración autonómica con competencias en materia de educación, bolsas de aloxamento, manutención e desprazamentos durante o curso dirixidas aos universitarios que ostenten a condición de alto nivel ou de alto rendemento. Estas bolsas non serán compatibles coas que outorga a Administración Xeral do Estado para os mesmos fins.

Artigo 19. Beneficios no eido dos estudos non universitarios

1. Os/as deportistas, adestradores/as-técnicos e xuíces-árbitros recoñecidos de alto nivel ou alto rendemento que cursen estudos non universitarios, poderán acollerse ás seguintes medidas encamiñadas a favorecer a compatibilidade da súa actividade deportiva coa actividade académica:
- a) Elección da quenda, horario ou grupo máis idóneo para compatibilizar a asistencia a clase coa súa actividade deportiva.



b) Xustificación de faltas de asistencia ata un 25 por 100 das sesións lectivas, de carácter obrigatorio, por participación en competicións oficiais e nas concentracións e adestramentos da selección española, xustificadas mediante certificación da federación deportiva correspondente.

c) Flexibilidade do calendario de exames cando coincida con competicións oficiais e nas concentracións e adestramentos da selección española, xustificadas mediante certificación da federación deportiva correspondente.

2. Nos procedementos de admisión de alumnado, dos centros públicos ou privados concertados que impartan a Ensinanza secundaria obrigatoria ou o Bacharelato, así como na formación profesional, as condicións de alto nivel o de alto rendemento contemplaranse como criterio prioritario para a cobertura das prazas ofertadas.

3. Os institutos de formación profesional de Galicia reservarán para estes deportistas, adestradores/as-técnicos e xuíces-árbitro, unha cota mínima adicional do 3 por cento das súas prazas. Nos centros nos que se impartan as ensinanzas de técnicos deportivos reguladas polo Real Decreto 1363/2007, de 24 de outubro, polo que se establece a ordenación xeral das ensinanzas deportivas de réxime especial, reservarán unha cota mínima adicional do 5 por cento das súas prazas. Así mesmo, e para o caso de que o acceso a uns determinados estudos impoña a realización de probas físicas, os deportistas galegos de alto nivel quedarán dispensados delas.

4. Excepcionalmente, poderán cursar a Educación Básica das Persoas Adultas as persoas maiores de dezaseis anos que o soliciten e teñan o recoñecemento de alto nivel ou alto rendemento.

5. Nas residencias do sistema educativo galego reservarase un cupo de prazas para as persoas deportistas de alto nivel e de alto rendemento en función das necesidades e dispoñibilidades de cada ano. Neste caso, a renda da unidade familiar da persoa solicitante deberá ser igual ou inferior ao umbral 2 establecido anualmente polo ministerio competente en materia de educación para o acceso ao réxime de bolsas e axudas ao estudo personalizadas.

Artigo 20. Beneficios no eido dos estudos no Centro Galego de Tecnificación Deportiva.

O proxecto educativo do centro educativo vinculado ao Centro Galego de Tecnificación Deportiva, e unicamente para as unidades adscritas a este, terá as seguintes condicións:

a) Poderase adaptar o marco horario lectivo xeral co obxecto de facilitar aos deportistas a posibilidade de realizar dúas sesións de adestramento ao día.

b) Consideraranse xustificadas as faltas de asistencia ás clases cando veñan derivadas da participación en competicións oficiais de ámbito autonómico, nacional ou internacional, ou en adestramentos da federación española correspondente. Esta xustificación deberá acompañarse dun informe da dirección do Centro. Non se poderá xustificar por este motivo máis dun quince por cento das horas obrigatorias e cun límite do vinte por cento nunha mesma materia.



c)Cando, co motivo da participación nunha competición oficial de ámbito autonómico, nacional ou internacional, ou dun adestramento da federación española correspondente, o alumnado implicado non puidese acudir á celebración dun exame, deberáselle de poñer unha data alternativa cando así o solicite, a dirección do Centro Galego de Tecnificación Deportiva.

Subsección segunda. Dos beneficios no eido laboral

Artigo 21. Beneficios no mercado laboral

- 1.A consellería con competencias en materia de emprego impulsará o establecemento de convenios con empresas, públicas e privadas, entidades e institucións para facilitar a incorporación a postos de traballo e a compatibilización das obrigas deportivas coas laborais, durante a vixencia do recoñecemento de alto nivel ou unha vez perdido este.
2. Os deportistas, adestradores/as-técnicos e xuíces-árbitros que teñan a condición de alto nivel ou alto rendemento, durante a vixencia do recoñecemento ou unha vez perdido este, poderán acollerse aos plans e proxectos de inserción laboral habilitados pola administración autonómica para este colectivo.

Artigo 22. Beneficios no emprego público

- 1.A Administración Xeral da Comunidade Autónoma considerará os recoñecementos regulados no presente decreto, como mérito avaliable no acceso a través do sistema de concurso-oposición, nos corpos ou escalas de persoal funcionario e categorías profesionais de persoal laboral e asemade, valorarase nos concursos para provisión de postos de traballo de acordo co previsto nas correspondentes convocatorias. Neste caso, esixirase ter vixente o recoñecemento no momento da convocatoria ou obtelo antes da presentación da solicitude de participación no proceso correspondente á que concorra. Os deportistas, adestradores/as-técnicos e xuíces-árbitros de alto nivel ou alto rendemento quedarán exentos das probas de aptitude física nos termos previstos nas convocatorias dos procesos selectivos.
2. Nos casos de probas de selección ás prazas relacionadas coa actividade deportiva correspondente como nos concursos para a provisión de postos de traballo relacionados con aquela actividade, o recoñecemento regulado no presente decreto valorarase, sempre que en ámbolos dous casos estea prevista a valoración de méritos específico, nunha porcentaxe non inferior ao 10 por cento da puntuación máxima posible do conxunto dos méritos que se vaian considerar.
- 3.As persoas que sexan empregados/as públicos/as ao servizo da Administración Xeral da Comunidade Autónoma e/ou das restantes entidades do sector público autonómico, que teñan en vigor o recoñecemento regulado no presente decreto, facilitaráselle as adaptacións necesarias no réxime de xornada, horario e vacacións, para a realización de adestramentos, a participación nas concentracións e competicións deportivas oficiais relacionadas coa práctica deportiva.



4.A Administración Xeral da Comunidade Autónoma considerará incluído no permiso para o cumprimento de deber inexcusable de carácter persoal regulado na normativa da función pública, a asistencia dos/as deportistas de alto nivel e de alto rendemento coas seleccións nacionais, a competicións oficiais de carácter internacional así como ás concentracións preparatorias destas. Este permiso estenderase a adestradores/as-técnicos e xuíces-árbitros de alto nivel.

5.Estas medidas poderán facerse extensivas no ámbito das entidades locais, no acceso e provisión dos corpos ou escalas propios da Administración Local e categorías de persoal laboral, así como nos sistemas de provisión de postos de traballo, de acordo coa súa normativa de aplicación.

Artigo 23. Beneficios no emprego público educativo.

1.A Administración xeral da Comunidade Autónoma valorará como mérito na fase de concurso das ofertas públicas de emprego para os corpos de mestres da especialidade de Educación Física e de profesores de ensino secundario da especialidade de Educación física, o ter en vigor o recoñecemento regulado no presente decreto.

2.Nos concursos de adscrición de destinos provisionais da consellería competente en materia de educación, os axentes deportivos de alto nivel que teñan en vigor o recoñecemento regulado no presente decreto terán preferencia sobre outros colectivos na elección do destino máis próximo ao seu lugar habitual de adestramentos

Subsección terceira. Beneficios económicos

Artigo 24. Beneficios económicos

1.As persoas incluídas no presente decreto beneficiaranse das bolsas e axudas económicas que sexan convocadas polo órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte e por outros órganos ou entidades dirixidas a este colectivo.

2.Asemade poderán obter unha redución, ou no seu caso exención, dos prezos que se establezan pola Administración xeral da Comunidade Autónoma para cursos de formación deportiva por ela organizados, así como tamén nos prezos fixados para a utilización de instalacións deportivas, centros de medicina deportiva ou residencias xuvenís dependentes da Comunidade Autónoma, consonte coas normas que os establezan e sempre que se cumpran as condicións previstas legalmente para isto.

Artigo 25. Dos beneficios fiscais

1.O órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte promoverá o patrocinio deportivo como fórmula de colaboración co sector privado, en particular a través das declaracións de interese público, en materia de deporte, a fin de que poida beneficiarse das desgravacións fiscais previstas na normativa vixente.



2.O recoñecemento como deportista, adestrador/a-técnico xuíz-árbitro de alto nivel previsto no presente decreto leva o recoñecemento de tal condición aos efectos da aplicación dos beneficios e as exencións fiscais que se contemplan nas distintas normativas tributarias vixentes.

Subsección cuarta. Outros beneficios

Artigo 26. Outros beneficios

Nos termos que se establezan en cada caso pola normativa sectorial de aplicación, os deportistas, adestradores/as-técnicos e xuíces-árbitros de alto nivel e de alto rendemento poderán ser titulares dos seguintes beneficios:

- a) Prioridade no acceso dos seus fillos e fillas ás escolas infantís cero tres da rede Autonómica e no segundo ciclo da educación infantil dos centros públicos ou privados concertados.
- b) Establecemento de medidas específicas e especiais de apoio e fomento ás súas iniciativas empresariais.
- c) Ponderación da súa condición no acceso ao Sistema Galego de Servizos Sociais
- d) Compatibilización dos beneficios que resulten da regulación estatal. En especial, seranlles de aplicación os recollidos no Real Decreto 971/2007, do 13 de xullo, sobre deportistas de alto nivel e alto rendemento, a normativa que a desenvolva ou aquela que a substitúa.

Sección 4ª. Das obrigas das condicións

Artigo 27. Obrigas

1. Os deportistas de alto nivel, adestradores/as-técnicos e xuíces e árbitros de alto nivel ou de alto rendemento deberán:

- a) Formar parte das seleccións deportivas galegas cando sexan seleccionadas e participar nos campionatos galegos da súa especialidade deportiva.
- b) Participar nas actividades de promoción do deporte que organice o órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte.
- c) Prestar a súa imaxe a requirimento da Xunta de Galicia para actuacións oficiais, protocolarias e publicitarias.
- d) Publicitar a súa condición de deportista de alto nivel ou alto rendemento, adestrador/a-técnico ou xuíz-árbitro de alto nivel.
- e) Colaborar coa Xunta de Galicia nos proxectos relacionados coa promoción da práctica deportiva, así como naquelas actividades que promocionen estilos de vida saudable e a igualdade de xénero ou a integración de diversos colectivos.
- f) Ser portador dos valores do xogo limpo, de acordo cos principios do movemento olímpico.



- 2.Os árbitros de alto nivel e os deportistas de alto nivel de carácter vitalicio deberán cumprir o recollido no apartado anterior, agás o establecido no punto 1.a).
- 3.Todas as persoas que teñan en vigor o recoñecemento deberán comunicar ao órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte a modificación de calquera circunstancia, tanto obxectiva como subxectiva, que afecte a algún dos requisitos esixidos para ser beneficiario ou beneficiaria.
- 4.As obrigas establecidas no presente artigo non serán esixibles nos casos de coincidencia de datas con campionatos oficiais estatais ou internacionais, ou ben que a súa participación puidera interferir de forma negativa na súa programación de adestramentos cara a unha competición concreta ou na súa actividade formativa ou laboral.

CAPÍTULO II. DO RENDEMENTO DEPORTIVO DE BASE

Artigo 28. Da condición de deportista de rendemento deportivo de base

Son deportistas galegos de rendemento deportivo de base os que obteñan esta condición por resolución do órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte. Para este recoñecemento, os deportistas deberán cumprir os requisitos establecidos no artigo 3 do presente decreto, agás o contemplado na letra b) do seu punto primeiro.

Artigo 29. Duración da condición

A condición de deportista galego de rendemento deportivo de base terá unha vixencia de un ano a contar dende a data de notificación da resolución onde se recoñece a condición.

Artigo 30. Réxime da condición de deportista de rendemento deportivo de base

No non establecido no presente capítulo, e sempre que resulte compatible coas particularidades do rendemento deportivo de base, aos deportistas galegos recoñecidos con esta condición seranlle de aplicación as previsións contempladas nas seccións primeira, segunda e cuarta do capítulo anterior, así como nos artigos 19, 20 e 24.

CAPÍTULO III. DOS CENTROS DE ALTO NIVEL E OS NÚCLEOS DE ADESTRAMENTO DEPORTIVO ESPECIALIZADO

Sección 1ª. Dos centros de alto nivel

Artigo 31. Concepto

1. Son centros de alto nivel as instalacións deportivas de titularidade autonómica adscritas ao órgano superior competente na materia deportiva que teñan por finalidade a preparación técnico deportiva orientada á mais alta esixencia competitiva.



2. Esta cualificación, que é compatible con outras que poidan establecerse pola Administración xeral do Estado, será outorgada por resolución expresa do órgano competente en materia de deporte da Administración xeral da Comunidade Autónoma, tendo en conta o interese deportivo estratéxico para Galicia e consonte aos requisitos establecidos nesta sección.

3. O procedemento de admisión dos deportistas nos centros de alto nivel regulados neste decreto establecerase por resolución da Administración deportiva autonómica.

Artigo 32. Requisitos

1. Son requisitos de carácter xeral para ser cualificado como centro de alto nivel:

- a) Contar con espazos, instalacións, equipamentos e medios técnicos axeitados ás necesidades da programación deportiva, así como con espazos habilitados para a xestión administrativa e para o estudo e a convivencia dos usuarios.
- b) Existencia dunha residencia para o aloxamento e manutención dos usuarios.
- c) Estar adscrito a un centro educativo, e contar cun servizo de tutorías para o apoio aos estudo dos deportistas.
- d) Contar cun centro de medicina coas funcións de previr e curar lesións e enfermidades, de realización de probas fisiolóxicas de esforzo, así de readaptación funcional para a práctica deportiva.
- e) Grupos de adestramento de alto nivel, no que o adestrador responsable deberá ter o título de Graduado en Ciencias da actividade física e o deporte ou equivalente, ou título de Técnico deportivo superior ou Adestrador deportivo de nivel III na modalidade ou especialidade deportiva correspondente.

2. No caso de non reunir algún dos requisitos mencionados, a Administración xeral da Comunidade Autónoma poderá igualmente conceder a cualificación, de forma motivada e sempre que se valore a idoneidade do centro no interese deportivo estratéxico da Comunidade Autónoma.

Sección 2ª. Dos núcleos de adestramento deportivo especializado

Artigo 33. Concepto

1. Son núcleos de adestramento deportivo especializados o conxunto de medios humanos e materiais xestionados por unha federación deportiva, club ou sociedade anónima deportiva inscritos no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia que teña por finalidade a preparación técnico-deportiva orientada ao alto nivel ou ao rendemento deportivo.

2. Esta cualificación, compatible con outras que poidan establecerse pola Administración xeral do Estado, será outorgada por resolución expresa do órgano competente en materia de deporte da Administración xeral da Comunidade Autónoma, tendo en conta o interese deportivo estratéxico para Galicia e consonte aos requisitos e procedemento establecidos nesta sección.



Artigo 34. Requisitos.

1. Serán requisitos dos núcleos de adestramento deportivo especializado:

- a) Ofrecer unha dispoñibilidade de espazos e instalacións axeitados ás necesidades da programación deportiva.
- b) Contar cun equipo técnico cualificado. O adestrador responsable deberá ter o título de Graduado en Ciencias da actividade física e o deporte ou equivalente, ou título de Técnico deportivo superior ou Adestrador deportivo de nivel III na modalidade ou especialidade deportiva correspondente.
- c) Dispor o uso dun centro para levar a cabo o seguimento médico-deportivo.
- d) Dispor dun proxecto de preparación técnico-deportiva orientada ao alto nivel para a súa modalidade deportiva, de acordo co interese estratéxico da propia Comunidade autónoma, encamiñado á participación dos deportistas galegos en Xogos Olímpicos ou Paralímpicos, campionatos do mundo, campionatos de Europa e outras competicións internacionais de máximo nivel.
- e) Non estar cumprindo a entidade solicitante sanción disciplinaria deportiva firme de carácter grave ou moi grave, ou sanción administrativa firme en materia deportiva de carácter grave ou moi grave.
- f) Acreditar o nivel e requisitos deportivos que se requiran aos efectos deste recoñecemento polo órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte, e cuxa resolución será obxecto de publicación no diario oficial de Galicia.

2. No caso de non reunir algún dos requisitos mencionados, a Administración xeral da Comunidade Autónoma poderá igualmente conceder a cualificación, de forma motivada e sempre que se valore a súa idoneidade no interese deportivo estratéxico da Comunidade Autónoma.

Artigo 35. Procedemento de recoñecemento.

1. Poderán iniciar o procedemento as entidades deportivas referidas no artigo 33.1, dirixindo as súas solicitudes ao órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte. A presentación se realizará por medios electrónicos a través do formulario normalizado que se publique a estes efectos na sede electrónica da Xunta de Galicia, e implicará o sometemento ás normas reguladoras establecidas na correspondente resolución.

2. A solicitude irá acompañada da documentación que se determine na correspondente convocatoria que en todo caso e con carácter mínimo irá orientada a acreditar os requisitos do artigo 34.

3. A instrución e resolución do procedemento axustarase ao establecido nos artigos 7 e 8 do presente decreto.

Artigo 36. Período de vixencia e renovación do recoñecemento

1. O período de vixencia do recoñecemento será de ata 4 anos dende a data da resolución polo órgano superior competente en materia deportiva.



2. Poderase solicitar a renovación do recoñecemento, durante o derradeiro ano de vixencia do recoñecemento, seguindo na súa integridade o procedemento establecido para o mesmo.

Artigo 37. Perda do recoñecemento

1. A perda do recoñecemento producirase nos seguintes supostos:
 - a. Polo remate do período de tempo polo que foi recoñecido.
 - b. Por deixar de cumprir algún dos requisitos establecidos para o seu recoñecemento
 - c. Por infracción disciplinaria deportiva o administrativa de carácter grave o moi grave da entidade titular do núcleo.
 - d. Por non cumprir coas obrigas establecidas no artigo 38 deste decreto.
 - e. Por renuncia expresa do interesado.
2. Os órganos disciplinarios deportivos das federacións deportivas galegas e, no seu caso, o Comité Galego de Xustiza Deportiva deberán comunicar ao órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte, respectivamente, as sancións firmes en materia disciplinaria deportiva e o as sancións firmes en materia administrativo deportiva impostas.
3. O procedemento de perda do recoñecemento axustarase ás previsións do artigo 13.

Artigo 38. Obrigas dos núcleos de adestramento deportivo especializado

1. Os núcleos de adestramento deportivo especializado recoñecidos ao abeiro deste decreto deberán:
 - a. Facilitar a participación dos seus deportistas coas seleccións deportivas galegas cando sexan seleccionados.
 - b. Participar nos campionatos galegos da súa especialidade deportiva, salvo coincidencia de datas con campionatos oficiais estatais e internacionais ou interfira coa súa preparación para os mesmos.
 - c. Participar nas actividades de promoción do deporte que organice a Administración autonómica, sempre que non interfira na súa actividade deportiva.
 - d. Publicitar, no desenvolvemento da súa actividade deportiva, a condición de núcleo galego de adestramento deportivo especializado.
 - e. Informar ao órgano superior competente en materia de deporte da Administración xeral da Comunidade Autónoma das súas actividades e resultados deportivos.
 - f. Coidar que os procesos de adestramento promovan hábitos de compañeirismo, igualdade, tolerancia, xogo limpo, respecto ás normas, ao adversario e á diversidade.
 - g. Dispoñer dun regulamento de réxime interno que deberá regular polo menos os seguintes aspectos: obxectivos, estrutura, competencia e funcións dos profesionais, sistema de selección dos deportistas, e dereitos e deberes destes, réxime disciplinario, e sistema de financiamento.



Artigo 39. Beneficios da condición de núcleos de adestramento deportivo especializado

1. A Administración autonómica poderá establecer axudas que incentiven a actividade dos núcleos de adestramento deportivo especializado. Para tal fin poderanse subscribir os oportunos convenios de colaboración e acordos con institucións públicas ou privadas.
2. Salvo que expresamente se estableza o contrario, estas axudas serán compatibles con outras, públicas ou privadas, para a mesma ou similar finalidade que poida recibir o titular do núcleo.
2. Os núcleos que reciban estas axudas deberán facer constar, xunto ao seu nome, os sinais identificativos da Administración Autonómica.

CAPÍTULO IV. DA OFICINA DE ATENCIÓN AO DEPORTISTA

Artigo 40. Creación e obxecto

Adscrita ao órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte, créase a Oficina de Atención ao Deportista, que ten por obxecto a facilitación e información aos deportistas galegos do conxunto de medios e servizos que a Comunidade Autónoma pon a súa disposición, con especial referencia aos contemplados neste decreto ou a aqueles outros que, en desenvolvemento deste, se establezan.

Artigo 41. Funcións

1. En cumprimento do seu obxecto, e sen prexuízo doutras competencias que se lle poidan encomendar polo órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte, a Oficina de Atención ao Deportista asume as seguintes funcións:
 - a) Informar e orientar sobre as dependencias, centros, servizos, procedementos, axudas, subvencións ou calquera outra información que sexa de interese en atención á condición de deportista.
 - b) Detectar as necesidades que poidan xurdir no ámbito da dedicación deportiva, da formación ou da capacitación profesional dos deportistas, propoñendo ao órgano competente os recursos e ferramentas que se consideren den resposta a estas necesidades.
 - c) Promoción de actuacións e medidas destinadas á sensibilización, divulgación e formación orientadas a garantir a mellora dos niveis de atención aos deportistas.
 - g) En xeral, a orientación e atención aos deportistas no exercicio dos seus dereitos e no cumprimento das súas obrigas.
2. A Oficina de Atención ao Deportista desempeñará as súas funcións con especial atención aos ámbitos da formación, inserción laboral, conciliación laboral-deportiva e académico-deportiva, e todas aquelas vinculadas ao desenvolvemento integral do deportista, e tanto durante como despois da súa carreira deportiva.



Artigo 42. Destinatarios

A Oficina de Atención ao Deportista terá por principais destinatarios aos deportistas, técnicos-adestradores e xuíces-árbitros de alto nivel, alto rendemento e de tecnificación, con recoñecemento en vigor segundo as normas do presente decreto, así como aos que o perderan polas causas contempladas nas letras a) e b) do artigo 12.

CAPÍTULO V. DA COMISIÓN GALEGA DE AVALIACIÓN DO ALTO NIVEL DEPORTIVO

Artigo 43. Natureza e réxime xurídico

1. A Comisión Galega de Avaliación do Alto Nivel deportivo é un órgano colexiado adscrito ao órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte, coas funcións e composición que se determinan nos artigos seguintes.
2. No non establecido no presente decreto, a Comisión rexerase polo seu regulamento de réxime interno de funcionamento e, en todo caso, pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e a regulación sobre órganos colexiados contida na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, ou normativa que a substitúa.

Artigo 44. Composición

1. Formarán parte da Comisión Galega de Avaliación do Alto Nivel deportivo:
 - a) Unha persoa co rango de subdirector/a do órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte, que ostentará a presidencia da Comisión.
 - b) As persoas que ocupen as xefaturas de servizo de deportes nas xefaturas territoriais.
 - c) A persoa que ocupe a xerencia da Fundación do Deporte Galego.
 - d) A persoa que ocupe a dirección do Centro Galego de Tecnificación deportiva.
 - e) Catro persoas en representación das federacións deportivas galegas, a proposta das federacións deportivas galegas.
 - f) Unha persoa especialista en materia deportiva, que teña a condición de empregada pública do órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte.
 - g) Unha persoa que teña a condición de xefa de servizo do órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte, e que actuará como secretario da Comisión.
2. A proposta de vogais das federacións deportivas galegas deberá recoller a identificación e o cargo das persoas propostas, así como unha relación numerada de persoas suplentes para o suposto de vacantes, determinando unha orde de prelación.

Artigo 45. Nomeamento, aceptación e duración do mandato

1. A competencia para o nomeamento dos membros da Comisión Galega de Avaliación do Alto Nivel deportivo tanto das persoas titulares como das suplentes, correspóndelle



á persoa titular do órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte.

2. Na composición da Comisión procurarase acadar unha presenza equilibrada de mulleres e homes.

3. A proposta de nomeamento dos membros contemplados no artigo 44.1.e) e f) deberá ser aceptada expresamente polas persoas propostas no prazo de sete días desde a notificación da mesma.

4. Unha vez aceptada a proposta de nomeamento, a persoa titular do órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte ditará resolución de nomeamento das persoas que integran a comisión e das súas suplentes.

5. A resolución pola que se nomea aos membros será obxecto de publicación no Diario Oficial de Galicia, producindo o nomeamento efectos desde esta publicación.

6. A duración do mandato será de catro anos, que se contarán a partir da data de publicación do nomeamento.

7. No caso de que a designación se faga en función do posto ocupado, do cargo ou condición, o mandato manterase en tanto se ocupe o posto ou se ostente o cargo ou a condición que determinase a designación.

8. De producirse algunha vacante das persoas representantes das federacións deportivas galegas, garantirase en todo momento a existencia de, cando menos, unha suplente designada. En caso de vacante, a persoa suplente ocupará a vogalía durante o período restante para cumprir os catro anos de mandato da persoa que figuraba como titular. No caso de que non existan persoas suplentes, solicitarase a quen propuso ás persoas titulares que propoña novos vogais.

9. Transcorrido o prazo do mandato, se por calquera causa se demora o nomeamento de novas vogalías da comisión, as persoas cesantes seguirán desempeñando as súas funcións ata o nomeamento dos novos membros.

Artigo 46. Cesamento

1. Son causas de cese as seguintes:

- a) Expiración do prazo do mandato.
- b) Incapacidade ou inhabilitación para ocupar cargo público declarada por resolución xudicial firme.
- c) Por perda do posto ocupado, cargo ou a condición no caso de que a designación se faga en función do seu posto, cargo ou condición.
- d) Por remoción por incumprimento grave das súas obrigas.
- e) Por ter sido sancionado por sanción disciplinaria deportiva firme de carácter grave ou moi grave.
- f) Por ter sido sancionado por sanción administrativa firme en materia deportiva de carácter grave ou moi grave.
- g) Por ter sido sancionado por dopaxe, de acordo coa normativa vixente nesta materia.



h) Por estar cumprindo condena en virtude de sentenza xudicial firme pola comisión dun delito ou ter sido condenado en virtude de sentenza xudicial firme pola comisión dun delito relacionado co ámbito deportivo.

2. A competencia para o cesamento correspóndelle á persoa titular do órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte.

Artigo 47. Funcións

1. A Comisión Galega de Avaliación do Alto Nivel deportivo ten as seguintes funcións:

a) Examinar o cumprimento dos requisitos de carácter xeral, méritos deportivos e os criterios técnico-deportivos establecidos para a obtención do recoñecemento.

b) Propoñer á persoa titular do órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte os candidatos a obter o recoñecemento de declaración dos distintos niveis de deportistas, adestradores/as, técnicos/as, xuíces e árbitros.

c) Propoñer á persoa titular do órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte a renovación, prórroga, suspensión ou perda do recoñecemento.

d) Solicitar das federacións deportivas galegas información relativa aos deportistas, adestradores/as, técnicos/as, xuíces e árbitros que sexa de interese aos efectos do presente decreto.

e) Propoñer a modificación dos criterios técnico-deportivos.

f) Propoñer á persoa titular do órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte as persoas candidatas a obter o recoñecemento de deportista galego de alto nivel de carácter vitalicio

g) Calquera outra que expresamente se lle designe pola persoa titular do órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte.

Artigo 48. Sesións

1. A Comisión Galega de Avaliación do Alto Nivel deportivo reunirse en sesión ordinaria cantas veces sexa necesario para o exercicio das súas funcións e, como mínimo, unha vez ao trimestre.

2. En sesión extraordinaria poderá reunirse a iniciativa da Presidencia ou a petición da maioría das persoas membros da Comisión de Avaliación do Deporte de Alto Nivel.

Disposición adicional primeira. Oficina de Atención ao Deportista. Encoméndase á Fundación Deporte Galego a posta en marcha da Oficina de Atención ao Deportista. Para o mellor cumprimento do obxecto da Oficina, a Fundación poderá subscribir convenios de colaboración con outras institucións públicas e privadas.



Disposición adicional segunda. Centro Galego de Tecnificación Deportiva

1. Recoñécese como centro de alto nivel da Comunidade Autónoma ao Centro Galego de Tecnificación Deportiva.
2. Co obxecto de facer efectivos os principios de igualdade no dereito á educación, superando as desigualdades existentes nas opcións do alumnado, e de flexibilidade para a adecuación da educación á diversidade de aptitudes, intereses e necesidades do alumnado, será de aplicación ao Centro Galego de Tecnificación Deportiva as previsións contempladas no decreto 244/1999, do 29 de xullo, polo que se regula a cobertura das prazas por funcionarios públicos docentes que impartan ensinanzas de niveis non universitarios, ou normativa que o substitúa. Nos termos que se establezan, o órgano da Administración autonómica con competencias en materia de deporte participará nos referidos procesos de cobertura.

Disposición adicional terceira. Deportistas, técnicos-adestradores e xuíces-árbitros doutras administracións autonómicas

1. Os axentes deportivos doutras Comunidades Autónomas que obtiveran na súa Comunidade Autónoma un recoñecemento equivalente ao de persoas deportistas, técnicos-adestradores ou xuíces-árbitros de alto nivel ou deportistas de alto rendemento, durante a vixencia do mesmo, poderá facer valer ese recoñecemento en Galicia, sempre que exista convenio de reciprocidade entre ambas Administracións.
2. Neste caso, os beneficios aos que se terán dereito serán os que se determinen no convenio de reciprocidade.

Disposición transitoria primeira. Criterios técnico-deportivos. Ata que non se proceda á aprobación e publicación dos criterios técnico-deportivos referidos no artigo 3.2 do decreto continuarán en vigor os recollidos na Orde de 30 de maio de 2005 pola que se establecen os criterios para o recoñecemento dos Deportistas galegos de alto nivel.

Disposición transitoria segunda. Dos deportistas recoñecidos. As persoas deportistas que, á data de publicación deste decreto, estean recoñecidas como deportista galega de alto nivel consonte ao Decreto 6/2004, manterán tal recoñecemento ata a data que teñan establecida na resolución correspondente.

Disposición transitoria terceira. Procedementos en tramitación. Os procedementos administrativos de recoñecemento iniciados con anterioridade á publicación deste Decreto rexeranse polo Decreto 6/2004, do 8 de xaneiro, polo que se regula a cualificación dos Deportistas galegos de alto nivel e os programas de beneficios dirixidos a estes e a Orde de 30 de maio de 2005 pola que se establecen os criterios para o recoñecemento dos Deportistas galegos de alto nivel, en desenvolvemento do Decreto 6/2004, do 8 de xaneiro.



Disposición derogatoria única.

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste decreto e especialmente, o Decreto 6/2004, do 8 de xaneiro, polo que se regula a cualificación dos Deportistas galegos de alto nivel e os programas de beneficios dirixidos a estes, publicado no Diario oficial de Galicia do día 19 de xaneiro de 2004 e a Orde de 30 de maio de 2005 pola que se establecen os criterios para o recoñecemento dos Deportistas galegos de alto nivel, en desenvolvemento do Decreto 6/2004, do 8 de xaneiro. Non obstante a derogación da Orde do 2005, estarase ao establecido na disposición transitoria primeira do presente decreto no relativo aos efectos dos criterios técnico-deportivos contemplados na Orde.

Disposición derradeira primeira. Modificación do artigo 9.3.i) do Decreto 254/2012 do 13 de decembro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación

A letra i) do apartado 3 do artigo 9 do Decreto 254/2012 do 13 de decembro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, queda redactada do seguinte xeito:

i) Por criterios complementarios consistentes noutras circunstancias relevantes apreciadas xustificadamente polo órgano competente do centro, de acordo con criterios obxectivos, e que terán que facerse públicos polos centros con anterioridade ao inicio do proceso de admisión, ou no seu caso por ter recoñecida a condición de deportista galego de alto nivel ou de alto rendemento: 1 punto

Disposición derradeira segunda. Modificación do artigo 12.2 do Decreto 120/2013, do 24 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Comité Galego de Xustiza Deportiva

O apartado 2) do artigo 12 do Decreto 120/2013, do 24 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Comité Galego de Xustiza Deportiva queda redactado do seguinte xeito:

No caso de vacante, ausencia e enfermidade, e con carácter excepcional, a persoa que exerza a secretaría será substituída por outra persoa que teña a condición de empregada pública ao servizo do órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte, e non poderá asumir as súas funcións en ningún caso o/a presidente/a.

Disposición derradeira terceira. Habilitación normativa

Facúltase á persoa titular da consellería competente por razón da materia para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento do presente decreto no relativo á or-



ganización e materias propias da respectiva consellería. No ámbito dos criterios e requisitos técnicos deportivos, o desenvolvemento das previsións da norma realizarase por resolución do órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte

Disposición derradeira cuarta. Da entrada en vigor

O presente decreto entrará en vigor aos vinte días naturais da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.